



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN**  
**E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO

**Instituto de Educación Secundaria "Leixa"**

Bacharelatos – Ciclos formativos de Artes Gráficas e Sanidade

San Pedro de Leixa s/n  
15405 – Ferrol (A Coruña)  
<http://centros.edu.xunta.es/iesleixa>  
[ies.leixa@edu.xunta.es](mailto:ies.leixa@edu.xunta.es)

Tfnos: 981328951 e 981328900  
Fax: 981328900  
Móbil-GSM: 667626775  
Móbil actividades: 667626707



# PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

## IES Leixa



## ÍNDICE:

### I. Introducción

### II. Componentes do proxecto educativo

### III. Análise do contexto

1. Os preceptos legais
2. A realidade socio-económica e cultural
3. Realidade interna do centro educativo

### IV. Sinais de identidade

1. Características ideolóxicas
2. Alínea metodolóxica
3. Complementos metodolóxicos

### V. Formulación de obxectivos

1. Docencia
2. Orientación
3. Investigación
4. Participación

### VI. Concreción dunha estrutura

1. Organigrama
2. Órganos de goberno
  - 2.1 Unipersoais
  - 2.2 Colexiados
3. Equipos de coordinación
  - 3.1 Departamentos didácticos
  - 3.2 Departamento de orientación
  - 3.3 Comisión de coordinación pedagóxica
  - 3.4 Equipo de normalización lingüística
4. Servizos
  - 4.1 Administración
  - 4.2 Cafetería
5. Asociación de nais e pais de alumnos/as
6. Orzamento
7. Regulamento de réxime interno
8. Recursos materiais e humanos
  - 8.1 Recursos materiais
  - 8.2 Recursos humanos

### VII. Revisión



## I. INTRODUCCIÓN

O proxecto educativo enumera e define o conxunto de características que dan identidade a un centro educativo; é o resultado dun proceso de elaboración de carácter global que expresa os enunciados educativos xerais e os aspectos organizativos e de xestión do centro. Pódese definir como *"un instrumento para a xestión, coherente co contexto escolar, que enumera e define as notas de identidade do centro, formula os obxectivos que pretende e expresa a estrutura organizativa da institución"*. É un instrumento que debe procurar a adecuada interrelación entre estas actuacións do profesorado e persoal non docente e os recursos persoais, materiais e funcionais dispoñibles no marco dos obxectivos institucionais. A súa finalidade é dotar de coherencia e personalidade propia aos centros.

No IES Leixa temos desenvolvido o proxecto educativo de centro (en adiante PEC) dende o ano 2000, e dado que é un documento aberto decidiuse abordar periodicamente os cambios necesarios para adecualo á auténtica realidade que é o Instituto en cada momento.

Entre os condicionantes que se produciron dende a súa elaboración ata a actualidade, podemos citar:

- De tipo lexislativo.
- Dificultades atopadas ao poñelo en práctica (polo seu propio desenvolvemento).
- Temporalidade que presenta calquera programación.
- Cambios nas ensinanzas impartidas e redefinición do Instituto.
- Adecuación á demanda social.

A educación é unha tarefa de equipo na que intervén toda a comunidade educativa. Polo tanto, a dificultade para elaborar un PEC non reside na súa execución material, senón na discusión interna dos compoñentes da comunidade educativa para traballar de forma participativa e solidaria. Existe na vida de todo centro educativo unha serie de criterios ou requisitos previos que nos axudarán nesa tarefa de traballo, tales como: motivación do profesorado, conseguir a máxima participación, organizar a participación, analizar o ritmo de elaboración, considerar o contorno educativo, etc. Como consecuencia do exposto anteriormente este PEC debe ser o resultado do traballo de toda a **comunidade educativa do IES Leixa**.

## II. COMPOÑENTES DO PROXECTO EDUCATIVO

O PEC é, sobre todo, un **contrato e compromiso** que implica e vincula a todos os membros da comunidade educativa nunhas finalidades comúns.

É o resultado dun consenso e dunha negociación que se plasma despois dunha análise de datos, de necesidades e expectativas. Elaborar o proxecto, máis ca un traballo enfocado cara á consecución dun instrumento de carácter administrativo e burocratizado, é unha oportunidade de falar, de revisar e de poñer en común os proxectos formativos e organizativos do centro educativo.

En canto ao seu contido, o PEC é un instrumento para a xestión que -coherentemente co **contexto escolar**- enumera e define os trazos de **identidade** do centro, formula os **obxectivos** que pretende e expresa a **estrutura organizativa** da institución.

As partes que propoñemos para intentar ordenar o estudo do seu contido pretenden ser a resposta institucional, condicionada polo contexto no que se sitúa o centro, ás preguntas:

- **Análise do contexto:** Onde estamos?
- **Sinais de identidade:** Quen somos?
- **Formulación de obxectivos:** Que pretendemos?
- **Concreción dunha estrutura:** Cómo nos organizamos?. De que medios dispoñemos?

## III. ANÁLISE DO CONTEXTO

Permite ao colectivo que vai elaborar o PEC partir da súa tripla realidade:

- **Marco legal e administrativo.**
- **Situación socioeconómica e cultural**
- **Funcionamento interno do centro**



Para ser útil, un PEC debe dar resposta ás necesidades xurdidas nunha situación escolar concreta. É preciso que sexa un instrumento realista e útil; non serven, polo tanto, as propostas neutras e descontextualizadas.

## 1. OS PRECEPTOS LEGAIS

**1. Os preceptos legais:** Neste apartado debemos considerar todas as disposicións, regulamentos e leis ás que están sometidas as institucións educativas dende os dereitos das persoas ata a última disposición dun servizo da Administración pasando pola Constitución, Estatuto de Autonomía, e Leis orgánicas. Revisado todo o exposto observamos referencias básicas á educación nos seguintes documentos:

- Declaración Universal dos dereitos das persoas. Artigo 26.
- Unesco. Principios fundamentais.
- Constitución Europea. Artigo III-177 (antigo artigo 149) e artigo III-148 (antigo artigo 150).
- Constitución Española. Artigo 27.
- Estatuto de Autonomía. Nos seus artigos 5, 27 e 31, e na disposición transitoria sétima.
- Leis de Educación:
  - Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito à Educación (LODE).
  - Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE).
  - Lei orgánica 5/2002, do 20 de novembro, da participación, a avaliación e o goberno dos Centros Docentes (LOPAGCE).
  - Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, da calidade da educación (LOCE).

Todo isto complétase con referencias legais que desenvolven as anteriores e que poden ser revisadas nas páxinas institucionais do Ministerio de Educación e da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria. Tamén na páxina web do IES Leixa hai abundantes referencias legais.

## 2. A REALIDADE SOCIOECONÓMICA E CULTURAL


**A realidade socioeconómica e cultural:** Todos os datos estatísticos que se refliten neste bloque están referidos á comarca de ferrolterra na que se inclúen os seguintes municipios: Ares, Cedeira, Fene, Ferrol, Moeche, Mugardos, Narón, Neda, San Sadurniño, As Somozas e Valdoviño.






Hai que examinar e realizar un diagnóstico sobre, entre outros, os indicadores seguintes:



**A.- Poboación, indicadores demográficos e movementos migratorios de ferrolterra.** Os datos estatísticos que traducen a evolución destes parámetros na comarca de ferrolterra aparecen reflitados nas seguintes gráficas:



Os datos demográficos dende o ano 1981 lévanos a concluir que dende ese ano ata o 2002 prodúcese un descenso continuado da poboación de 14.000 habitantes. A partires desa data aprecíase un notable incremento no 2003, que se estabiliza no 2004.




Con referencia aos movementos migratorios dende 1992 aprecíase un fluxo negativo cara outras comunidades, e positivo dende o estranxeiro.



*Pirámide poboacional de Ferrolterra (INE, 2004)*

A gráfica comparativa dos anos 2000-2002 indica un envellecemento da poboación de 5 puntos, comezando unha leve recuperación nese ano 2002, que concorda co incremento da poboación visto no apartado anterior.






En relación coa evolución poboacional no tramo de idade do alumnado do IES temos que na década 1991-2001 descende notablemente o primeiro tramo de idade (15-19), manténdose sen variacións significativas nos seguintes tramos.

A conclusión final deste apartado danos un descenso da poboación que, de igual modo que no resto do territorio, ven orixinado por unha redución na natalidade. No noso caso en particular, o resultado vese incrementado polo traslado do Departamento Marítimo da Zona Noroeste e pola reconversión naval.

**B.- Poboación e indicadores demográficos de Ferrol:** No caso da cidade de Ferrol os indicadores son os seguintes:



*Pirámide poboacional de Ferrol (INE, 2004)*

PARROQUIA	POBOACIÓN (2004)	SUPERFICIE (km <sup>2</sup> )	Nº DE NÚCLEOS
Brión (Santa María)	360	5,03	4
A Cabana (Santo Antonio)	938	1,01	5
Covas (San Martiño)	973	10,36	4
Doniños (San Román)	853	19,44	10
Esmelle (San Xoán)	457	6,41	6
Ferrol (Capital)	69.758	9,25	1
A Graña (Santa Rosa de Viterbo)	506	1,97	1
Leixa (San Pedro)	119	2,14	1
Mandiá (Santa Uxía)	815	8,00	7
Marmancón (San Pedro)	95	3,77	1
San Xurxo da Mariña (San Xurxo)	446	7,90	2
Santa Cecilia de Trasancos (Santa Cecilia)	608	2,01	8
Serantes (San Salvador)	1931	5,79	9
<b>TOTAL</b>	<b>77.859</b>	<b>83,08</b>	<b>59</b>

*Distribución poboacional de Ferrol (INE, 2005)*

**C.- Tipos de vivendas, núcleos de vivendas por proximidade:** Nun radio de un quilómetro o tipo de vivenda e unifamiliar e fundamentalmente diseminado. A partir de dous quilómetros solápanse este tipo de urbanización con unidades urbanas de certa importancia como a Solaina, San Xoán, Santa Mariña, Catabois,...


Con respecto ás características das vivendas, a meirande parte delas son en propiedade e cunha superficie comprendida entre os 60 e 120 m<sup>2</sup> atopándose nos 90 m<sup>2</sup> o 80% delas.



**D.- Infraestruturas de recursos culturais:** No que respecta aos recursos de tipo cultural, téñense contabilizadas 18 bibliotecas públicas, 3 universitarias e 11 específicas, sen ter en conta que en case todas as parroquias existen centros culturais e cívicos que dispoñen deste servizo, así como institutos de ensino.

Asemade, en todas as bibliotecas, colexios, centros cívicos, culturais, etc., teñen instalado o internet; e tendo en conta que a rede telefónica abarca toda a bisbarra, debemos considerar que a dotación de recursos culturais é suficiente aínda que se está na procura de mellorais.

**E.- Formación académica de pais, nais e alumnos/as:** Como pode apreciarse na seguinte gráfica, aproximadamente un 52% da poboación de máis de 16 anos posúe estudos medios. Só un 15% posúe estudos superiores, quedando un 23% da poboación sen acadar ningunha titulación académica.



**F.- Existencia de asociacións deportivas, relixiosas e outras:** Nas estatísticas do 2003 tíñanse inscritos 455 clubs deportivos. Ademais, existen un gran número de centros cívicos e culturais que posúen infraestruturas axeitadas, e considerando tamén todas as asociacións de tipo relixioso, e practicamente impensable que exista unha soa parroquia que non teña algún tipo de oferta que permita aos seus veciños a práctica dalgunha actividade de tipo cultural, deportiva ou relixiosa.

Considerando ademais a mellora nos medios de comunicación, tanto en infraestruturas como en medios de transporte, que permiten o desprazamento en períodos de tempo máis ou menos curtos, debemos considerar como aceptable a oferta lúdica-cultural da bisbarra.

É de subliñar como un fito na cidade de Ferrol a inauguración, o día 30 de abril de 2005, a **Fundación Caixa Galicia**, xunto coa inauguración do **teatro Jofre** e a próxima inauguración do Auditorio na cabeceira da comarca, a oferta cultural verase notablemente incrementada.



**G.- Sectores de traballo, ocupación, paro:**

	Total	Homes	Mulleres
Taxa de actividade	46.5	58.6	35.6
Taxa de ocupación	39.0	51.7	27.5
Taxa de paro	16.1	11.7	22.7

*Taxa de actividade, ocupación e paro (2001).*




**INDICE DE PARO POR ACTIVIDADES**



**Estructura socioprofesional**

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE, 2005)

**POBOACION OCUPADA POR ACTIVIDADES NO 2001**





**Conclusionés:**

1. Dende o 2002 até o 2004 a taxa de paro total e por actividades non se ve significativamente modificada.
2. Aprecíase tamén que sobre un 45% da poboación parada pertence ao sector servizos, dato lóxico debido a que representa máis do 60% da poboación ocupada.
3. Parece importante sinalar neste apartado que un 31,7% da poboación non tivo ningún tipo de emprego con anterioridade.
4. A taxa de paro total no ano 2004 e do 14.5% da poboación activa.
5. A ocupación da poboación por sectores amosa que o sector servizos representa o 62%, industria o 22%, construción o 11%, quedando agricultura, gandería e pesca que se reparten por igual a poboación activa restante.

**H.- Empresas relacionadas co IES:** Na actualidade o IES Leixa conta con 128 empresas de toda Galicia que colaboran ou colaboraron acollendo alumnos/as para a realización do módulo de formación en centros de traballo (FCT).

En canto ao número de empresas relacionadas cos ciclos formativos que se imparten neste centro temos que, no ano 2003 na comarca de ferrolterra estaban inscritas o seguinte nº de empresas:

- 38 relacionadas coa industria do papel (edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados).
- 121 dedicadas á industria de produtos alimenticios.
- 1 de captación, depuración e distribución de auga.
- 38 comedores colectivos e empresas de provisión de comidas preparadas.
- 328 de actividades sanitarias, veterinarias e servizos sociais.

En canto á oferta de prazas para a realización do módulo de FCT podemos concluír que todos os alumnos/as realizan prácticas en empresas directamente relacionadas coa súa actividade profesional. Algunhas destas empresas superan os límites da comarca de ferrolterra, feito que en moitos casos favorece ao alumnado que procede doutras comarcas.

No referente ás posibilidades laborais dos nosos alumnos/as debemos sinalar que estamos nunha zona deprimida industrialmente. Na actualidade existen numerosas iniciativas gobernamentais para a súa potenciación, mediante a creación de áreas industriais en Fene, Narón e As Somozas, e outras en expectativa, destacando por proximidade a de San Pedro de Leixa ou Pontedeume-As Pontes. Todo isto, xunto con iniciativas como as que desenvolve Ferrol-Metrópoli permite augurar un despunte de postos laborais que absorberán a man de obra de profesionais cualificados nun breve espazo de tempo, e con el un aumento da demanda de postos escolares na formación profesional regrada.

**I.- Campus universitario:** Ferrol conta cun campus universitario dependente da Universidade da Coruña. Ademais hai unha delegación da Universidade Nacional de Educación a Distancia e, dependente desta, un centro privado no que se imparte a diplomatura de Turismo.

Respecto á Universidade da Coruña, no Campus de Ferrol impártense as seguintes ensinanzas universitarias:

- **Centros propios:**
  - **Facultade de Humanidades:**
    - Licenciatura en Humanidades.
    - Diplomatura en Biblioteconomía e Documentación.
    - Licenciado en Documentación
  - **Escola Politécnica Superior:**
    - Enxeñería Naval e Oceánica.
    - Enxeñería Industrial.
  - **Escola Universitaria de Enfermaría e Podoloxía:**
    - Diplomatura en Enfermaría.
    - Diplomatura en Podoloxía.
  - **Escola Universitaria de Deseño Industrial:**



- Enxeñería Técnica en Deseño Industrial.
- **Escola Universitaria Politécnica:**
  - Enxeñería Técnica Naval-Especialista en Estructuras Mariñas.
  - Enxeñería Técnica Naval-Especialista en Propulsión e Servizos.
  - Enxeñería Técnica Industrial-Especialista en Electricidade.
  - Enxeñería Técnica Electrónica.
- **Escola Universitaria de Relacións Laborais:**
  - Diplomatura en Relacións Laborais.
- **Títulos propios:**
  - Prevención de Riscos Laborais.

**Conclusións:**

1. Posibilidades de estudo sen saír do seu contorno.
2. A algunhas titulacións accédese directamente dende os ciclos formativos superiores que se imparten no IES Leixa e cos que se poden facer varias validacións.
3. En xeral existen varias alternativas estudantís para os alumnos/as do centro.

**3. REALIDADE INTERNA DO CENTRO EDUCATIVO**

Con anterioridade á elaboración do PEC é necesario identificar as características do centro como: a titularidade, as características do edificio, os espazos dispoñibles, os niveis educativos que ten, o número de unidades, a localización xeográfica, o réxime de permanencia do alumnado, as características singulares do centro, as características singulares do alumnado, a tradición pedagóxica do centro, o funcionamento da ANPA e o financiamento.

A análise do contexto fai que non existan PEC idénticos porque non hai contextos escolares totalmente idénticos.


Os resultados da análise do contexto constituirán a información que posibilita o desenvolvemento do PEC propiamente dito.

**A. Titularidade, características físicas e espazos dispoñibles:** O instituto de educación secundaria Leixa é un centro público dependente da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria que imparte estudos postobrigatorios, bacharelatos e ciclos formativos das familias de Artes Gráficas e Sanidade.

Estruturalmente o instituto está integrado por tres edificios independentes denominados pavillón 1 (azul), 2 (verde) e 3 (maxenta):

- No pavillón 1 atópanse os servizos xerais (secretaría, dirección, sala de profesores/as, cafetería, biblioteca, orientación, titorías...), as aulas dos grupos de bacharelato, aula xeral de informática, ximnasio e aulas multidisciplinares de Sanidade.
- No pavillón 2 están os laboratorios e clínicas dos ciclos de Sanidade.
- No pavillón 3 están os talleres e aulas dos ciclos de Artes Gráficas.






**B.- Localización xeográfica:** O Instituto de Educación Secundaria Leixa está situado no barrio de San Pedro de Leixa e comparte ubicación coa Residencia Sanitaria "Arquitecto Marcide", o Centro de Atención a Minusválidos Físicos (CAMF), o Colexio de Educación Especial "Carmen Polo" e o Hospital Básico da Defensa.

O acceso ao instituto faise a través das estradas de San Xoán, o Acceso Norte ou a estrada de Catabois.

Hai dúas liñas de autobuses que, dende o centro de Ferrol, chegan ata a Residencia Sanitaria.



**C.- Réxime de permanencia do alumnado:** E un réxime aberto, no que a máis grande parte das actividades docentes realízanse en horario de mañá, que abarca dende as 8:55 horas ata as 14:20 horas, interrompidas por 25 minutos de descanso. Tres días na semana impártense clases dende as 15:30 as 17:05 cun descanso de 15 minutos, co fin de completar as horas de docencia dos respectivos grupos.

O instituto dispón dun servizo de cafetería-comedor durante todas as horas de docencia.

**D.- Características singulares do centro:** Veñen determinadas por dúas condicións: os tipos de estudos impartidos e a situación xeográfica.

• **Tipos de estudos impartidos:** As características son:

- Confluencia de bacharelatos e ciclos formativos.
- Transcende a súa influencia o concello de Ferrol debido ás especialidades ofertadas.
- Os ciclos formativos teñen practicamente cubertas a totalidade das prazas.
- A idade de desenvolvemento destas etapas educativas atópase entre os 16-20 anos, idade que si se corresponde nos bacharelatos, pero que nos ciclos formativos a media de idade acértese aos 25 anos.
- O carácter formativo da pluralidade de niveis.

• **Situación xeográfica:** Destacando como características:

- A maior parte do alumnado do centro emprega algún medio de transporte, en moitos casos persoal, dispoñendo dun aparcamento para o alumnado.
- O instituto ten unha situación privilexiada, para o seu acceso, estando moi preto do acceso Norte, o corredor das Pontes e AP-9.

**E.- Características singulares do alumnado:** Para a elaboración deste apartado realizáronse unha serie de enquisas nas que se recolleron as tendencias que se resumen a continuación:

- **Sexo alumnado:** os homes representan un 45% nos bacharelatos e un 20% nos ciclos formativos, datos que permiten observar a gran incidencia do sexo feminino nos ciclos formativos, que na familia de Sanidade chega a alcanzar o 100% nalgúns ciclos.
- **Idade:** a idade media nos bacharelatos é de 17 anos, e nos ciclos de 21 anos.



- **Ocupación pais/nais:** traballan no sector servizos o 50% dos pais e o 70% das nais (neste último inclúese o traballo no fogar). As seguintes ocupacións por nº de traballadores/as serían neste orde: industria, construción, agricultura e pesca.
- **Estudos dos pais:** a porcentaxe de estudos dos pais repártese do seguinte xeito: 50% primarios, 35% secundarios e 15% outros.
- **Nacionalidade:** españois o 99% aínda que se observa un lento e paulatino incremento de estranxeiros.
- **Nº fillos:** vinculeiros 22%, dous fillos/as 60%, máis de dous, 18%.
- **Traballo e independencia do alumnado:** so un 15% do noso alumnado traballa e/ou está independizado.
- **Estudos previos:** ESO (Ensinanza Secundaria Obrigatoria) 60%, Bacharelatos 30% e un 10% do alumnado accede ao instituto por estar en posesión doutros títulos.
- **Residencia familiar, durante o curso e tipo de vivenda:** existe un reparto equitativo no tipo de vivenda entre piso e unifamiliar.
- **Distancia ao instituto e tipo de transporte empregado:** o 40% do alumnado vive a menos de 3 quilómetros, o 35% entre 4-9 Km. e o 25% restante a máis de 9 Km. Un 55% dos nosos alumnos/as empregan medios propios para desprazárense ao instituto, deixando un 45% para os que viaxan en medios de transporte públicos.
- **Recursos culturais/recreativos dos que dispón:** neste apartado detéctase unha infrautilización dos recursos culturais e recreativos de que se dispón, xa que unha porcentaxe significativa dos alumnos ignoraba a existencia dos medios no seu entorno.
- **Hábitos e técnicas de estudo:** debemos destacar que so un 50% do alumnado coñece algunha técnica de estudo, e un 40% ten hábitos de estudo.
- **Pertenza a asociacións:** un 45 % dos enquisados pertence a algún tipo de asociación.
- **Lingua empregada:** so un 20% do alumnado se declara como galego-falante, un 55% emprega so a lingua castelán e un 25% é bilingüe.
- **Multiculturalidade:** un 90% declarase aberto ao coñecemento de diferentes culturas.

#### F.- Tradición pedagóxica do instituto:

O actual IES Leixa foi creado polo Real Decreto 2036/1979 (BOE do 27/8/79) coa denominación de Centro Nacional de Formación Profesional de El Ferrol del Caudillo sendo o seu primeiro director D. Juan Casal Yáñez.

Inicialmente foi autorizado para impartir as ramas de:

- Sanitaria (Profesión Clínica).
- Química (Profesión Operador de Laboratorio).
- Perrucaría e Estética (Profesión de Perrucaría e Estética).
- Moda e Confección (Profesión Moda e Confección).

Comezou a actividade académica no **curso 1980-1981** coa denominación de Instituto de Formación Profesional "San Pedro de Leixa" e contou con 243 alumnos/as matriculados e distribuídos por ramas do seguinte xeito:

RAMA	PROFESIÓN	Nº ALUMNOS/AS
Sanitaria	Clínica	161
Química	Operador de Laboratorio	40
Perrucaría e Estética	Perrucaría	42

O número de profesores/as ao inicio do curso 1980-1981 era de 12. Cabe destacar que dentro das ramas había un único profesor para impartir todas as materias da área tecnolóxico-práctica. Das materias comúns había un profesor/a por materia, agás Educación Física que non dispoñía de profesor/a.

Dentro do cadro de persoal non docente a distribución era a seguinte:



- 2 auxiliares administrativos.
- 2 ordenanzas.
- 3 señoras da limpeza.

Nese mesmo curso 1980-1981 solicitouse e aprobouse a denominación de Instituto de Formación Profesional "Roberto Vidal de la Torre", inspector de educación que promoveu a súa creación.

Co paso dos anos o instituto pasou a impartir todos os cursos de 1º e 2º Grao das Ramas indicadas no cadro anterior, ampliándose no **curso 1985-86** coa rama de Artes Gráficas.

No **curso 1991-1992** implantouse de forma experimental o "Módulo de Auxiliar de Enfermaría", que funcionou como ensinanza experimental ata o curso 1996-97, no que foi transformado no actual Ciclo de Grao Medio de Coidados Auxiliares de Enfermaría.

No **curso 1998-1999** o instituto incorporou a súa oferta dous novos ciclos de grao medio e un programa de Garantía Social:

- Ciclo Medio de Preimpresión en Artes Gráficas.
- Ciclo Medio de Farmacia.
- Programa de Garantía Social de Iniciación á Imprenta Rápida e Manipulados.

Así, neste **curso 1998-1999**, o instituto tiña a seguinte oferta:

- Familia de Artes Gráficas:
  - 2º de FP de primeiro grao de Impresión.
  - 1º, 2º e 3º de FP de segundo grao de Impresión.
  - 1º curso do Ciclo Medio de Preimpresión en Artes Gráficas.
  - Programa de Garantía Social de Imprenta Rápida e Manipulados.
- Familia de Imaxe Persoal:
  - 2º de FP de primeiro grao de Perrucaría.
  - 1º, 2º e 3º de FP de segundo grao de Perrucaría.
  - 2º de FP de primeiro grao de Estética.
  - 1º, 2º e 3º de FP de segundo grao de Estética.
- Familia Química:
  - 2º de FP de primeiro grao de Operador de Laboratorio.
  - 1º, 2º e 3º de FP de segundo grao de Análises e Procesos Básicos (réxime especial).
  - 1º e 2º de FP de segundo grao de Análises e Procesos Básicos (réxime xeral).
- Familia Sanidade:
  - 2º de FP de primeiro grao de Auxiliar de Clínica (tres liñas).
  - Curso de Acceso (dúas liñas).
  - 1º e 2º de FP de segundo grao de Laboratorio de Análises Clínicas (dúas liñas).
  - Ciclo Medio de Coidados Auxiliares de Enfermaría.
  - Ciclo Medio de Farmacia.

No **curso 1999-2000** produciuse o traslado parcial das ensinanzas da Familia de Imaxe Persoal ao adscribirse a especialidade de Perrucaría ao IES Ricardo Carballo Calero e o instituto cambia de nome ao publicarse no DOG de 23 de novembro de 1999 a autorización para denominarse IES Leixa:

- Familia de Artes Gráficas:
  - 1º, 2º e 3º de FP de segundo grao de Impresión.
  - 1º curso do Ciclo Medio de Preimpresión en Artes Gráficas.
  - Programa de Garantía Social de Imprenta Rápida e Manipulados.



- Familia de Estética:
  - 1º, 2º e 3º de FP de segundo grao de Estética.
- Familia Química:
  - 1º, 2º e 3º de FP de segundo grao de Análises e Procesos Básicos (régime especial).
  - 1º e 2º de FP de segundo grao de Análises e Procesos Básicos (régime xeral).
- Familia Sanidade:
  - Curso de Acceso (dúas liñas).
  - 1º e 2º de FP de segundo grao de Laboratorio de Análises Clínicas (dúas liñas).
  - Ciclo Medio de Coidados Auxiliares de Enfermaría.
  - Ciclo Medio de Farmacia.

No **curso 2000-2001** desaparece o curso de Acceso e o primeiro curso de FP 2 de todas as ensinanzas de réxime especial, manténdose as de réxime xeral; Implántase o Ciclo Superior de Laboratorio de Diagnóstico Clínico e o primeiro curso do Bacharelato LOXSE nas súas modalidades de Ciencias da Natureza e da Saúde e Humanidades e Ciencias Sociais, quedando a oferta conformada coas seguintes ensinanzas:

- 1º curso de Bacharelato LOXSE.
- Familia de Artes Gráficas:
  - 2º e 3º de FP de segundo grao de Impresión.
  - do Ciclo Medio de Preimpresión en Artes Gráficas.
  - Programa de Garantía Social de Imprenta Rápida e Manipulados.
- Familia de Estética:
  - 2º e 3º de FP de segundo grao de Estética.
- Familia Química:
  - 2º e 3º de FP de segundo grao de Análises e Procesos Básicos (régime especial).
  - 1º e 2º de FP de segundo grao de Análises e Procesos Básicos (régime xeral).
- Familia Sanidade:
  - 1º e 2º de FP de segundo grao de Laboratorio de Análises Clínicas.
  - Ciclo Medio de Coidados Auxiliares de Enfermaría.
  - Ciclo Medio de Farmacia.
  - 1º do Ciclo Superior de Laboratorio de Diagnóstico Clínico.

No **curso 2001-2002** desaparece da oferta o 2º curso de FP de segundo grao (régime especial) o 1º curso de FP de segundo grao do réxime xeral; Implántanse dous novos ciclos formativos (Medio de Impresión e Superior de Dietética) e o 2º curso de bacharelato e ofértase un novo programa de garantía social de Axuda no Domicilio e Residencias Asistidas, que non se chega a constituír por falta de demanda, o mesmo que sucedeu co programa de Imprenta Rápida e Manipulados. Ademais, este curso produciuse o traslado da especialidade de Estética, como sucedera anteriormente coa de Perrucaría, ao IES Ricardo Carballo Calero. Así a oferta durante o curso 2001-2002 queda como segue:

- 1º e 2º de Bacharelato LOXSE.
- Familia de Artes Gráficas:
  - 3º de FP de segundo grao de Impresión.
  - Ciclo Medio de Preimpresión en Artes Gráficas.
  - Ciclo Medio de Impresión.
- Familia Química:
  - 3º de FP de segundo grao de Análises e Procesos Básicos (régime especial).
  - 2º de FP de segundo grao de Análises e Procesos Básicos (régime xeral).



- Familia Sanidade:
  - 2º de FP de segundo grao de Laboratorio de Análises Clínicas.
  - Ciclo Medio de Coidados Auxiliares de Enfermaría.
  - Ciclo Medio de Farmacia.
  - Ciclo Superior de Laboratorio de Diagnóstico Clínico.
  - 1º do Ciclo Superior de Dietética.

No **curso 2002-2003** extínguense definitivamente as ensinanzas de FP regrada e aumenta a oferta co novo Ciclo Superior de Deseño e Produción Editorial, quedando a oferta do seguinte xeito:

- 1º e 2º de Bacharelato LOXSE.
- Familia de Artes Gráficas:
  - Programa de Garantía Social de Imprenta Rápida e Manipulados.
  - Ciclo Medio de Preimpresión en Artes Gráficas.
  - Ciclo Medio de Impresión.
  - 1º do Ciclo Superior de Deseño e Produción Editorial.

- Familia Sanidade:
  - Ciclo Medio de Coidados Auxiliares de Enfermaría (dous grupos).
  - Ciclo Medio de Farmacia.
  - Ciclo Superior de Laboratorio de Diagnóstico Clínico.
  - Ciclo Superior de Dietética.

No **curso 2003-2004** incorpórase á oferta o segundo curso Ciclo Superior de Deseño e Produción Editorial e non se imparte o programa de garantía social por falta de matrícula, quedando a oferta do seguinte xeito:

- 1º e 2º de Bacharelato LOXSE.
- Familia de Artes Gráficas:
  - Ciclo Medio de Preimpresión en Artes Gráficas.
  - Ciclo Medio de Impresión.
  - Ciclo Superior de Deseño e Produción Editorial.
- Familia Sanidade:
  - Ciclo Medio de Coidados Auxiliares de Enfermaría (dous grupos).
  - Ciclo Medio de Farmacia.
  - Ciclo Superior de Laboratorio de Diagnóstico Clínico.
  - Ciclo Superior de Dietética.

No **curso 2004-2005** incorporouse no IES Leixa o sistema de gratuidade de libros de texto en bacharelato por decisión do consello escolar, ao que se engade o material escolar. A oferta educativa non sufriu cambios.

#### IV. SINAIS DE IDENTIDADE

Os sinais de identidade son os **propósitos** e **finalidades** do centro.

Concretar os sinais de identidade significa definir e chegar a negociar no seo da comunidade educativa os principios psicopedagóxicos e sociolóxicos, e os valores que deles se desprenden. Como indicadores propios do centro deben incluírse as convicións antropolóxicas, sociais, ideolóxicas e pedagóxicas, así como os sinais de identidade baseados na promoción de valores, linguas oficiais no centro, modalidade de xestión, tratamento á diversidade, educación relixiosa e moral, e metodoloxía.

O PEC como proposta integral que é, debe cubrir todos os ámbitos de xestión e describir liñas de acción e pautas xerais.



Dado o carácter público do IES, os servizos prestados deben estar dirixidos á sociedade que o sustenta sen perder de vista os criterios de tipo administrativo. Tendo en conta estas premisas definiremos a confesionalidade, lingua de aprendizaxe e eixos transversais, enmarcados dentro dunhas características ideolóxicas, para continuar cun estudo da liña metodolóxica.

## 1. CARACTERÍSTICAS IDEOLÓXICAS

O IES Leixa defínese polas seguintes características ideolóxicas:

- I. **Confesionalidade:** Entendemos que os alumnos/as deben estar abertos á situación de cambio que experimenta a sociedade, educándoos en xustiza, liberdade e respecto. O noso IES maniféstase **aconfesional** e respectuoso con todas as crenzas. Do mesmo xeito maniféstase libre de calquera tendencia ideolóxica ou política determinada. De acordo con este pluralismo, toda persoa que traballe no IES evitará o máis mínimo labor de propaganda ideolóxica no seu interior.
- II. **Lingua de aprendizaxe:** Dada a cooficialidade das linguas galega e castelá, no IES traballarase para conseguir o equilibrio harmónico entre ambas as dúas linguas velando polo cumprimento da lexislación sobre a lingua galega, respectando a expresión de cada quen. A administración e comunicacións do instituto faranse integramente en lingua galega.
- III. **Definición dos eixos transversais:** Na meirande parte das actuacións de cara a formación dos nosos alumnos/as preténdese que acaden **espírito crítico, racionalidade e autonomía**, entendendo esta última nunha tripla modalidade:
  - Adquisición duns principios e valores que lle permitan incorporarse a sociedade como un membro útil e participativo cunha verdadeira *conciencia social* dos problemas que lle toquen vivir.
  - Adquisición dos *coñecementos* necesarios para incorporarse a estudos superiores ou a unha actividade profesional coas suficientes garantías para o seu desenvolvemento.
  - Capacidade para a *consulta de fontes* que lle permitan ampliar o seu campo de expectativas tanto no eido cultural coma no profesional e cívico, adquirindo unha actitude crítica.

Para acadar esa tripla finalidade traballarase dunha forma directa ou indirecta valores como **liberdade, responsabilidade, solidariedade, tolerancia, autoestima (autoprotección), igualdade e atención á diversidade**, en preferencia doutros que son máis relevantes en etapas educativas inferiores.

- A dualidade **liberdade-responsabilidade** son os valores que máis nos diferencian doutros tipos de IES, rompendo coa rixidez do sistema e dotando ao funcionamento do centro dun orde, flexibilidade e saber estar, por parte de todos os compoñentes; sen necesidade de recorrer a un excesivo rigor no cumprimento das normas, dato constatado cando xorden novas incorporacións ao IES.  
Outro aspecto a traballar nesta dualidade de valores é que o alumno as interiorice para o desenvolvemento posterior da súa tarefa profesional.
- A **solidariedade-tolerancia** querémola tratar dunha forma ben diferenciada, entendéndoa coma unha resposta individualizada á formación que cada un debe asumir respondendo ás necesidades que poidan xurdir na relación cos compañeiros/as ou coa sociedade.
- Para traballar a **autoestima-autoprotección** tratarase de inculcar a necesidade de coidarse en todos os aspectos, tanto da alimentación e coidados do corpo, coma no desempeño de calquera actividade. Adoptaremos as medidas oportunas co fin de conseguir non soamente a nosa seguridade senón tamén a dos nosos compañeiros/as, estando a responder a unha necesidade colectiva de intentar reducir a siniestralidade laboral así como as enfermidades normais e profesionais.
- A **igualdade** como feito social no que se busca unha participación na que o sexo non é un factor distintivo ou discriminador.
- A **atención á diversidade** como vía de non discriminación e de oportunidade. Cando se dan circunstancias no alumnado que requiran unha atención especial, o centro dispón dos elementos de detección e orientación axeitados para individualizar o proceso ensino-aprendizaxe.

Estes valores entendidos no senso que lle estamos a dar: a autoestima, que sen perder o seu significado, traballe fundamentalmente os termos arriba mencionados.

## 2. ALÍNEA METODOLÓXICA



Debido a gran variabilidade de estudos impartidos no IES, máis que establecer unha alínea metodolóxica estrita e ríxida, buscaremos o equilibrio e complementariedade de métodos diversos.

Levaremos a cabo unha metodoloxía que englobe os seguintes aspectos:

Integrador	Participativo
Indutivo	Profesor-guía
Dedutivo	Activo
Construtivo	Centro-sociedade

- **Integrador:** que favoreza a utilización do método axeitado segundo a tarefa a realizar, a situación grupal, sen esquecer a diversidade ou situación individual do alumnado.
- **Indutivo:** baseada no aprendizaxe significativo. Partirase de feitos e realidades coñecidas, para avanzar cara a procura dos novos coñecementos.
- **Dedutivo:** obtención dos mesmos coñecementos por un proceso mental inverso ao anterior.
- **Construtivo:** é o alumno/a quen no último termo modifica e reelabora os esquemas de coñecemento construíndo a súa propia aprendizaxe.
- **Participativo:** se cadra este é un dos aspectos máis traballados nos ciclos formativos deste IES, sen esquecer os outros niveis educativos.

Neste apartado concédese especial importancia ás actividades grupais, planificación, execución de tarefas en grupo, cooperación, toma de decisións en conxunto, intercambio e confrontación de opinións, talante non discriminatorio, etc.

- **Profesor- Guía:** entendemos a figura do profesor/a como a ponte entre os coñecementos adquiridos previamente e os novos contidos.
- **Activo:** intentar conseguir no grupo-clase unha actitude curiosa, crítica, de investigación e motivación que se converterá na base da súa formación final.
- **Centro-Sociedade:** levaranse a cabo as actividades necesarias para conseguir no alumno/a unha conciencia sobre a realidade social que lle rodea no eidos locais, comarcais, rexionais, nacionais e internacionais.

### 3. COMPLEMENTOS METODOLÓXICOS

**A. Material e instalacións do instituto:** Tanto as instalacións como o material de que dispón o Instituto considerámolo como axeitado, abundante, moderno e innovador.

**B. Formación en centros de traballo (FCT):** É o módulo final para a concreción do título correspondente. Neste período o alumno/a realiza actividades que o introducen na realidade laboral, aplicando todos os coñecementos conceptuais, actitudinais, procedimentais... que foran previamente superados.

**C. Visitas humanístico-culturais e científico-tecnolóxico:** Son as visitas que se fan, tanto de tipo cultural (museos, natureza, instalacións científicas, etc.) coma as de tipo tecnolóxico (industrias, establecementos, etc.), relacionadas ambas as dúas cos coñecementos que se imparten nas distintas disciplinas. Intentan complementar dun xeito distendido, e sen perder o seu rigor conceptual, os coñecementos adquiridos no IES.

**D. Intercambios culturais (realización de clases prácticas fora do centro):** O centro non restrinxe a súa actividade ao seu contorno inmediato, posto que como se establece nese apartado deste documento, a área de influencia é toda a Comunidade, sen esquecer as circulares europeas que permiten a libre mobilidade de traballadore/as nos países da Unión Europea e a validación formativa interestatal. O centro ten un compromiso para facilitar a través dos proxectos europeos tipo "Leonardo da Vinci" e estadias formativas a participación dos nosos alumnos/as na súa formación noutros países a través de convenios específicos con empresas e institucións estranxeiras.

**E. Divulgación das ensinanzas do centro:** A facemos desde distintos eidos tales como:

- Visitas doutros institutos ao noso.



- Visitas a outros institutos.
- Medios de comunicación.

Dentro da filosofía do centro de apertura ao entorno social ao que da servizo, procúrase desenvolver actividades integradas en programas de educación para a saúde (familia de sanidade) e de formación complementaria (familia de artes gráficas), nos que participan alumnos e profesorado. Estas tarefas desenvólvense en centros educativos, asociacións, concellos e empresas privadas previa sinatura de convenios de colaboración, sendo as actividades de máis sona nos últimos anos:

1. Alimentación equilibrada en colexios de primaria.
2. Alimentación equilibrada en CPI (centros públicos integrados) e en IES.
3. Educación sexual en centros que o solicitan.
4. Deseño de imaxe corporativa do salón do Cabalo (Equiocio).
5. Deseño de imaxe corporativa do torneo de golf do Clube Campomar.
6. Realización de revistas escolares.

**F. Orientación:** Dentro do campo que abarca o labor do departamento de Orientación hai que resaltar, polas características do IES, tres aspectos que quedan concretados no plan xeral de orientación:

- Asesoramento para a incorporación ao mundo do traballo (plan de orientación académico e profesional).
- Información das distintas alternativas de estudos que lles dean continuidade aos realizados.
- Plan de acción tutorial.

## V. FORMULACIÓN DOS OBXECTIVOS

As posibilidades que abre a reforma educativa permiten elaborar este PEC que diferencia e dá entidade a cada centro educativo, dotándoo de especificidades contextuais que melloran a calidade da ensinanza e as relacións cos seus membros e destes co contexto. De aí a importancia de poñerse de acordo nos obxectivos.

Nun PEC hanse de formular obxectivos para un período longo de tempo dentro dos límites da escolarización, explicitar a orientación que o centro pretende seguir e os propósitos referidos a todos os ámbitos de xestión, que usualmente son: o pedagóxico (académico-curricular), o organizativo e de xestión, o humano e de servizos (social e de convivencia), o profesional e o institucional (relacións).

Definimos os obxectivos do noso IES segundo as tarefas de actividades propostas en:

- **De docencia**
- **De orientación**
- **De investigación**
- **De participación**

### 1. DOCENCIA

Dentro dos obxectivos de **Docencia** resaltaremos:

- **A conquistar no alumnado:**
  - Unha ensinanza aconfesional que promova valores coma a solidariedade e a non discriminación.
  - O estímulo do espírito crítico no colectivo estudiantil, educando persoas tolerantes e con maior amplitude de miras.
  - A defensa da educación na liberdade, no pluralismo e na convivencia, respectando as diferenzas entre os pobos e os individuos, evitando calquera tipo de discriminación.
  - O fomento do interese pola aprendizaxe, creando as condicións e ambientes nos que o noso alumnado se vexa motivado para investigar, indagar e aprender.
  - O coñecemento, respecto e colaboración co entorno natural.



- A integración do instituto no noso entorno social, económico e cultural, favorecendo a incorporación e inserción activa dos alumnos/as no mesmo.
  - A transmisión de coñecementos para tentar conseguir que o alumnado teña unha aberta e receptiva cara aos cambios que o progreso e a técnica nos aportan.
  - Dadas a características do noso alumnado que nun porcentaxe elevado pertence a ciclos queremos resaltar a necesidade de traballar a autoprotección para o que se propón reforzar os coñecementos que se adquiren na ensinanza regrada con actividades extraescolares ou cursiños para acadar unha sensibilización e unha maior formación en prevención de riscos laborais.
  - Notamos un uso desigual do castelá sobre o galego polo que se potenciará o uso deste último para o que tenderemos a:
    - Desenvolver o maior número posible de aprendizaxes das materias en galego.
    - Propoñer un maior número de actividades extraescolares para o coñecemento da nosa cultura.
    - Crear un entorno propicio, favorecedor da comunicación na nosa lingua.
  - Fomento da multiculturalidade, valorando o coñecemento doutras rexións, países e as súas culturas.
  - Inquedanza pola investigación nos distintos eidos do saber.
  - Capacitación para a incorporación ao mundo laboral.
  - Concienciación sobre a mobilidade xeográfica no traballo.
  - Un tratamento axeitado a diversidade, potenciando a aprendizaxe dos alumnos/as en función das súas capacidades.
  - Potenciación dos intercambios culturais.
- **A conquistar no profesorado:**
    - Fomentar o traballo en equipo e seu protagonismo social, así coma a súa promoción científica.
    - Crear un ambiente de traballo grato, tanto no aspecto humano coma no de medios tentando de conseguir unha colaboración no uso deles.
    - Facilitar a promoción laboral.
  - **A conquistar no persoal non docente:**
    - Fomentar o traballo en equipo e seu protagonismo social e no propio centro.
    - Crear un ambiente de traballo grato, tanto no aspecto humano coma no de medios tentando de conseguir unha colaboración no uso deles.
    - Facilitar a promoción laboral.

## 2. ORIENTACIÓN

No eido da **Orientación** distinguiremos tres niveis: profesorado, titor e o departamento de Orientación.

- **Profesorado:** O profesor/a debe aportar toda a información e orientación posible no campo da súa materia e nas cuestións máis normais que lle poidan presentar.
- **Profesor-titor:** Seguir os obxectivos do plan de acción tutorial sen esquecer a propia iniciativa do titor na procura da orientación individualizada que se lle solicite.
- **Departamento de Orientación:**
  - As recollidas na lexislación actual.
  - As presentadas no Plan Anual de Orientación.
  - As que presentou o orientador á Comisión de Coordinación Pedagóxica resumida nos seguintes puntos:
    - Proceso de ensino-aprendizaxe.



- Plan de acción tutorial.
- Plan de orientación académico-profesional.
- Integración de alumnos/as con necesidades educativas especiais.
- Implementación de novas tecnoloxías no Centro.

### 3. INVESTIGACIÓN

Os obxectivos que nos propoñemos na **investigación** podémoslos agrupar en pedagóxicos e científico-tecnolóxicos.

• **Pedagóxicos:**

- Formalización de grupos de traballo e seminarios específicos.
- Implicación do alumnado en experimentación de novas metodoloxías.
- Traballo en equipo e investigación das sinais de identidade do IES e a súa potenciación.

- **Científico-tecnolóxico:** Dado o carácter do instituto, nos ciclos é relativamente sinxela a implicación nun traballo de campo que estea relacionado coa familia profesional á que pertencen, e nos Bacharelatos hai distintas disciplinas que permiten realizar traballos de investigación, de tipo humanístico ou científico, relacionados co noso contexto.

### 4. PARTICIPACIÓN

Para conseguir os obxectivos de participación as canles que utilizaremos serán:

- Asociacións que xa están constituídas (alumnos/as, pais e nais, xunta de delegados, etc.).
- Órganos de goberno do centro, tanto unipersonais como colexiados.

En todos eles tentarase:

- Facilitar e animar a creación de asociacións.
- Dinamizar o seu funcionamento para lograr unhas relacións fluídas e de fácil comunicación.
- Incentivar a participación nos distintos órganos.


## VI. CONCRECIÓN DUNHA ESTRUTURA

Un centro educativo está formado por un conxunto de persoas que forman equipos docentes, órganos de goberno unipersoais e colexiados, comisións, ANPA, asociación de alumnos/as... O PEC define a estrutura do centro, ou sexa, delimita e enumera as funcións e tarefas dos diversos elementos; é a toma de posición do centro respecto á estrutura organizativa de que se dota para levar a cabo os obxectivos anteriormente formulados.

Orientativamente (xa que cada centro debe adaptalo á súa realidade), podemos dicir que os elementos da estrutura organizativa que aparecen no PEC poden ser: organigrama, órganos de goberno, equipos de coordinación, servizos, asociación de pais e nais, orzamento, RRI (Regulamento de Réxime Interno), persoal.

### 1. ORGANIGRAMA

O instituto mantén unha estrutura organizativa complexa na que interactúan os diversos órganos de xestión, organización e coordinación tal e como se ve no seguinte esquema.



## 2. ÓRGANOS DE GOBERNO

### 1. Unipersonais: Formado polo:

- Director/a.
- Vicedirector/a.
- Xefe/a de Estudos.
- Secretario/a.

### 2. Colexiados: Formado polo:

- Consello Escolar.
- Claustro de Profesores/as.

## 3. EQUIPOS DE COORDINACIÓN

### 1. Departamentos didácticos: De acordo coas ensinanzas impartidas hai os seguintes departamentos didácticos:

- Artes Gráficas.
- Bioloxía e Xeoloxía.
- Debuxo.
- Economía.
- Educación Física.
- Filosofía.



- Física e Química.
- Formación e Orientación Laboral.
- Francés.
- Inglés.
- Lingua Castelá e Literatura.
- Linguas Clásicas (Latín e Grego).
- Lingua Galega e Literatura.
- Matemáticas.
- Orientación.
- Relixión.
- Sanidade.
- Xeografía e Historia.

**2. Departamento de Orientación:** O departamento de Orientación iniciou as súas actividades o 1 de setembro de 1998 coincidindo co comezo da aplicación da Orde publicada o 24 de xullo de 1998 na que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, regulada polo Decreto 120/1998 de 23 de abril.

A fin de levar adiante as súas funcións o regulamento de réxime interno establece as pautas de funcionamento deste departamento.

O departamento dispón de todos os elementos necesarios para o seu correcto funcionamento, tanto en espazos como en medios técnicos e materiais.

O departamento de Orientación intervéñen na realización de guías orientativas para o asesoramento do alumnado e profesorado do centro, entre as que encontramos:

- Saídas profesionais e técnicas de busca activa de emprego, no que se inclúen saídas profesionais e técnicas de busca activa de emprego, en coordinación co departamento de FOL.
- Plan de acción tutorial.
- Programa de orientación académica e profesional.

**3. Comisión de coordinación pedagóxica:** Está integrada por un membro de cada departamento, actuando fundamentalmente como un órgano consultivo segundo se establece no regulamento de réxime interno.

**4. Equipo de normalización lingüística (ENL):** O ENL, integrado por representantes de todos os sectores da comunidade educativa, ten competencias na elaboración e posta en práctica dun plano xeral para o uso do idioma e doutro específico para a docencia en lingua galega.

#### 4. SERVICIOS

**1. Administración:** A administración do centro depende do secretario/a e baixo a responsabilidade da dirección. As funcións principais que inclúen son tres: oficina, conserxería e limpeza.

Para a función de *oficina* (abarcando dende matriculación, certificados, correspondencia, rexistros de entrada e saídas de documentos oficiais, etc.) cóntase con tres administrativos.

A conserxería conta tamén cun servizo de reprografía.

**2. Cafetería:** Ademais do persoal dependente da Consellería de Educación tamén desenvolve o seu traballo no instituto o concesionario da cafetería.

Na cafetería traballan, por quendas, ata catro persoas. Dispón de teléfono público.

#### 5. ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS

O IES Leixa conta cunha ANPA que se rexe por estatutos propios. Ao longo do curso organiza actividades de diversa índole, como cursos de informática, e colabora nas actividades que se desenvolven no instituto.



## 6. ORZAMENTO

O instituto depende economicamente dos orzamentos asignados pola Consellaría de Educación e o Fondo Social Europeo nas condicións establecidas pola administración educativa. Ademais, no marco legal de financiamento e autonomía de xestión dos centros educativos o instituto pode fixar medidas de autofinanciamento de acordo coas aíneas establecidas polo Consello Escolar. En todo caso, calquera cantidade incorporada por medios alleos aos da Consellaría de Educación deben ser informados e autorizados.

En canto á asignación orzamentaria interna, a dirección debe velar porque o reparto orzamentario se faga de acordo con criterios obxectivos que garanten a suficiencia de recursos para que os departamentos leven adiante os seus obxectivos didácticos. Deste xeito, o regulamento de réxime interno marca uns criterios consensuados de reparto orzamentario tendo en conta, así mesmo, que as materias científico-tecnolóxicas do bacharelato que incorporan nos seus deseños curriculares contidos prácticos que precisan material funxible (con especial referencia ás que introducen prácticas de laboratorio), teñan recursos suficientes, dentro das posibilidades orzamentarias, establecendo para elas criterios diferenciados.

A filosofía do centro encamiñase á autoxestión dos recursos orzamentarios por parte dos departamentos didácticos.

## 7. REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

O instituto conta cun regulamento de réxime interno aprobado polo Claustro e o Consello Escolar e que se somete a revisión bianual.

## 8. RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS

**1. Recursos materiais:** No que fai referencia aos medios é preciso mudar a tendencia xeneralizada de que cada departamento conta cos seus propios medios para uso particular por unha idea moito máis xenérica na que todos/as compartimos a totalidade dos medios dispoñibles na súa finalidade de servir á educación.

Independentemente de que o reparto orzamentario debe garantir que todos os departamentos dispoñan de efectivo para os seus orzamentos segundo os criterios e necesidades de cada materia, tamén é preciso garantir que eses medios estean en situación de seren utilizados polos demais. Nese sentido o PEC incide nesta cuestión, de tal xeito que sexa universalmente aceptado. Despois, tanto o RRI como o plan xeral anual deben establecer a forma máis efectiva da utilización deses medios.

Noutra orde de cousas, e dado que é a Administración a que debe dotar dos medios inventariables para uso dos institutos, dende as direccións, en particular, e desde todos os estamentos educativos en xeral, deben reclamarse tanto a dotación precisa como a reposición do material que, por uso ou polo paso do tempo, quede inservible ou obsoleto para acadar os obxectivos programados.

**2. Recursos humanos:** No curso 2005-2006 o cadro de persoal do centro está formado por:

- **Profesorado:** O cadro de persoal fixo do profesorado é de **36** profesores/as que pertencen a dous corpos:
  - **Profesores/as de Ensino Secundario:** 20
  - **Profesores/as Técnicos de FP:** 16

A este persoal hai que engadir o profesorado interino ata completar **46** profesores/as.
- **Orientación:** 1
- **Persoal non docente:** O número de traballadores/as con funcións non docentes no instituto é:
  - **Administrativos/as:** 3
  - **Subalternos:** 3
  - **Persoal da limpeza:** 4

As funcións do persoal non docente están reguladas por normativa e polo regulamento de réxime interno do instituto.



## VII. REVISIÓN

Ao tratarse dun documento aberto que está sometido aos cambios que se producen tanto no contorno como no propio centro, este PEC debe ser sometido a revisión canda menos con carácter bianual.

A fin de facilitar esta revisión pódese crear unha **comisión de seguimento do PEC**, formada por un profesor/a de bacharelato, outro/a de Sanidade, outro/a de Artes Gráficas e outro/a de FOL co asesoramento do orientador, do coordinador/a do ENL e un membro de dirección. A dita comisión ten como función a revisión e actualización dos datos de acordo coa evolución e nova normativa que se poida ir producindo.